



**CICA**  
CENTRO DE INVESTIGACIONES  
CIENTÍFICAS AVANZADAS



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

## REGULAMENTO

Aprobado polo Consello de Goberno da UDC do 28/04/2021



## Índice

### TÍTULO I

#### NATUREZA E FINALIDADES DO CICA

Artigo 1.- Natureza, denominación, réxime xurídico e adscrición .....	3
Artigo 2.- Finalidades do CICA .....	3

### TÍTULO II

#### ESTRUCTURA E XESTIÓN

Artigo 3.- Membros .....	4
Artigo 4.- Estrutura de goberno .....	4
Artigo 5.- Dirección do CICA .....	5
Artigo 6.- Subdirección do CICA.....	5
Artigo 7.- Comité de Dirección (Comisión Interna) .....	5
Artigo 8.- Consello Reitor .....	6
Artigo 9.- Comisión Asesora Externa .....	7

### TÍTULO III

#### CONTROL E AVALIACIÓN

Artigo 10.- Seguimento .....	8
Artigo 11.- Ética na investigación .....	8
Artigo 12.- Contratación de persoal.....	8
Artigo 13.- Igualdade de xénero.....	8
Artigo 14.- Normalización e promoción da lingua galega .....	9

### TÍTULO IV

#### BENS E INFRAESTRUTURAS

Artigo 15.- Instalacións.....	9
-------------------------------	---

### TÍTULO V

#### RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 16.- Xestión económica .....	9
-------------------------------------	---

DISPOSICIÓN FINAL.....	9
------------------------	---

O Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA) da Universidade da Coruña (UDC) naceu coa expansión e o desenvolvemento que experimentaron os grupos de investigación relacionados coa Bioloxía e a Química durante os últimos anos na UDC e para proporcionarles unha localización axeitada ás súas necesidades e demandas, e consonte a unha axeitada estrutura organizativa da actividade universitaria.

A UDC velará para que o CICA dispoña dunhas instalacións idóneas e desenvolva un labor de interacción científica con axentes da súa contorna. É por iso que o seu funcionamento debe estar regulado segundo todos os preceptos que emanen da lexislación vixente e dos acordos do Consello de Goberno da UDC que lle foren aplicables e, especificamente, polo presente regulamento de réxime interno.

## TÍTULO I

### NATUREZA E FINALIDADES DO CICA

#### **Artigo 1.- Natureza, denominación, réxime xurídico e adscrición**

1. O CICA é unha estrutura organizativa da Universidade da Coruña especializada na investigación e na transferencia nos campos da Química e da Bioloxía.
2. O CICA réxese por este regulamento, polos Estatutos e as normas propias da UDC que lle sexan de aplicación, en particular pola Normativa de creación de centros de investigación da UDC (aprobada polo Consello de Goberno na súa sesión do 26/11/2020 e modificada en Consello de Goberno na súa sesión do 25/03/2021), e mais pola lexislación xeral de procedemento, universitaria, científica e tecnolóxica que igualmente lle sexa de aplicación.
3. O CICA está adscrito organicamente á Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia ou á vicerreitoría equivalente competente en materia de Investigación.

#### **Artigo 2.- Finalidades do CICA**

1. Constitúen finalidades do CICA:
  - a) Dar soporte ás actividades en I+D+i básica e aplicada dos/as investigadores/as da Universidade da Coruña que estean integrados/as no centro.
  - b) Desenvolver proxectos de investigación financiados con axencias tanto públicas como privadas e, así mesmo, con empresas.
  - c) Transferir resultados de investigación dentro do seu marco da protección intelectual.
  - d) Formar e captar investigadores/as e colaborar tanto nacional como internacionalmente con grupos e centros de investigación de referencia.
  - e) Difundir resultados a través de publicacións, teses de doutoramento, reunións científicas e actividades dirixidas á comunidade investigadora e á sociedade en xeral.
  - f) Contribuír como elemento activo nas relacións universidade-empresa e, en xeral, universidade-sociedade.
2. Para o logro destas finalidades, o CICA desenvolverá cuntas funcións e actividades resultaren necesarias de conformidade co disposto coa súa natureza e a normativa de aplicación.

## TÍTULO II ESTRUCTURA E XESTIÓN

### Artigo 3.- Membros

1. Son membros do CICA:
  - a) O persoal investigador (PDI), funcionario ou con relación contractual coa UDC adscrito ao centro segundo a normativa de adscrición individual, así como outro persoal investigador procedente de convocatorias de captación de talento, ciencia excelente ou similares.
  - b) O persoal investigador en formación, que conte coa dirección dun investigador/a adscrito/a ao CICA.
  - c) O persoal técnico de xestión, laboratorio ou informático.
  - d) O persoal de administración e servizos (PAS) da UDC adscrito ao centro .
  - e) O persoal investigador colaborador doutras entidades que conte cunha probada traxectoria profesional de excelencia. Poderá ser proposto por un membro permanente do centro ou da Comisión Asesora Externa e deberá contar coa aprobación expresa do Comité de Dirección (Comisión Interna). Esta figura terá un carácter excepcional e o seu número non poderá superar o 20 % do total de membros.
2. Logo da proposta expresa da Comisión Interna corresponde ao/a reitor/a adscribir ao CICA o PDI e o resto de persoal.
3. A relación do persoal investigador adscrito estará actualizada na páxina web do CICA.
4. O CICA conta cunha Oficina de Xestión cuxa finalidade é a de dar soporte ao centro en calquera aspecto que sexa necesario e o seu persoal estará adscrito automaticamente.
5. A perda da condición de membro do CICA prodúcese:
  - a) Por renuncia expresa da persoa adscrita, que deberá ser aceptada pola Comisión Interna.
  - b) Por resolución expresa do/a reitor/a a proposta da Comisión Interna en caso de incumprimento grave dos compromisos científicos, éticos ou financeiros, ou polas avaliacións periódicas negativas realizadas pola Comisión Asesora Externa ou outras comisións.
  - c) Por mutuo acordo.
  - d) Por perda da vinculación coa UDC.

### Artigo 4.- Estrutura de governo

A estrutura de governo do CICA é a seguinte:

#### Órganos unipessoais

- Director/a
- Subdirector/a

#### Órganos colexiados

- Comité de Dirección ou Comisión Interna
- Consello Reitor
- Comisión Asesora Externa

### Artigo 5.- Dirección do CICA

1. O/a director/a do CICA será nomeado/a polo/a reitor/a por un período de catro anos, que poderá ser renovable, a proposta da persoa titular da vicerreitoría competente en materia de investigación. Deberá ser membro do PDI en servizo activo e a tempo completo da UDC. Deste nomeamento darase conta ao Consello Reitor.
2. O/a director/a do CICA terá dereito aos complementos retributivos e á redución docente establecidos para as persoas que ocupen a dirección ou o decanato das facultades e escolas da UDC.
3. A perda da condición de director/a do centro prodúcese por renuncia, perda da condición de PDI, perda da dedicación a tempo completo ou cesamento a proposta do Consello Reitor.
4. A definición das tarefas do persoal técnico e o adecuado mantemento das instalacións serán responsabilidade do/a director/a. O/a director/a terá a representación institucional do centro e promoverá e executará todas as accións orientadas á captación de recursos para o centro.
5. Elaborará unha memoria do centro en que se especificarán os fitos de carácter científico acadados (publicacións, participación en congresos, patentes, proxectos, contratos con empresas e outros).

### Artigo 6.- Subdirección do CICA

1. O/a subdirector/a do CICA, será nomeado/a polo/a reitor/a a proposta da persoa que ostente a dirección científica do centro, por un período igual ao que lle reste de mandato a dita persoa, entre o PDI a tempo completo da UDC.
2. O/a subdirector/a do CICA terá dereito aos complementos retributivos e á redución docente establecidos para as persoas que ocupen as direccións de departamentos da UDC.
3. O/a subdirector/a do CICA apoiará ao director/a nas tarefas que este/a lle encomende.
4. A perda da condición de subdirector/a producirase polas mesmas causas indicadas no caso do director/a.

### Artigo 7.- Comité de Dirección (Comisión Interna)

1. O Comité de Dirección ou Comisión Interna do CICA, órgano colexiado competente para desenvolver as liñas estratégicas do centro, estará constituído:
  - a) Pola persoa titular da vicerreitoría competente en materia de investigación, ou persoa en quen delegue, que a presidirá.
  - b) Polo/a director/a do CICA que actuará de vicepresidente/a.
  - c) Polo/a subdirector/a que actuará de secretario/a.
  - d) Por un mínimo de cinco representantes dos/as investigadores/as adscritos/as ao CICA.
  - e) Por un/unha representante do PAS (se houbese) ou do persoal de xestión do centro.
  - f) Cando así se requira, outro persoal de xestión ou investigador do centro poderá asistir as reunións para informar sobre temas que interesen a comisión.

2. Os seus membros serán nomeados polo/a director/a do CICA, a proposta do Consello Reitor. Estes representantes exercerán a súa función por un período de catro anos, que poderá ser renovable, desde o seu nomeamento.
3. Son competencias da Comisión Interna:
  - a) Definir as condicións de adscrición/desascrición dos membros do CICA.
  - b) Informar sobre as necesidades dos/as investigadores/as e sobre as disfuncións que se detectaren no funcionamento e no uso das instalacións e servizos do CICA.
  - c) Estudar e propor plans de mellora nas instalacións e servizos do CICA.
  - d) Propor solicitudes de infraestruturas.
  - e) Propor adecuacións ou modificacións do regulamento do CICA.
  - f) Propor a incorporación de novo persoal investigador ao CICA.
  - g) Propor a creación de comisións específicas convenientes para o estudo de asuntos concretos.
  - h) Propor seminarios e conferencias.
  - i) Propor novas liñas de investigación para o centro.
4. A Comisión Interna reunirse, cando menos, dúas veces ao ano por convocatoria do/a director/a do CICA ou por petición de, como mínimo, a terceira parte dos seus integrantes.

#### Artigo 8.- Consello Reitor

1. O Consello Reitor, órgano superior de goberno do centro, estará composto, polo menos, polas seguintes persoas:
  - a) O/a reitor/a, que o presidirá e convocará, ou persoa en quen delegue.
  - b) O/a vicerreitor/a con competencias en investigación, ou persoa en quen delegue.
  - c) Un/unha vogal en representación do Consello de Goberno da UDC, nomeado/a polo/a reitor/a.
  - d) De as haber, unha representación das institucións públicas ou privadas que contribúan de maneira substancial e estable ao financiamento ou á actividade investigadora do centro.
  - e) O/a director/a do centro.
  - f) O/a subdirector/a do centro que actuará, así mesmo, como secretario/a do Consello Reitor.
2. Os membros universitarios deberán representar sempre a maioría do Consello Reitor.
3. O Consello Reitor reunirse, polo menos, unha vez ao ano en sesión ordinaria e en sesión extraordinaria as veces que sexa necesario.

4. Sen menoscabo das competencias que, de acordo coa normativa vixente, sexan propias dos órganos superiores de goberno da UDC, son competencias do Consello Reitor do centro as seguintes:
- Aprobar o programa xeral de actividades e o Plan estratéxico do centro e as súas modificacións.
  - Aprobar a proposta do orzamento de ingresos e gastos, así como a liquidación deste que, acompañada da memoria de actuación, remitirá anualmente ao Consello de Goberno da UDC.
  - Artellar programas que reciban achegas do sector público comunitario, estatal, autonómico ou local, e dos sectores privados, universitarios ou organizacións internacionais.
  - Proporlle ao Consello de Goberno da UDC a incorporación doutras entidades públicas ou privadas ao Consello Reitor, de acordo co previsto no presente regulamento.
  - Proporlle ao Consello de Goberno da UDC a modificación do regulamento de réxime interno cando proceder.
  - Propor o nomeamento ou cese dos membros do Comité de Dirección ou Comisión Interna.
  - Propor o nomeamento ou cese dos membros da Comisión Asesora Externa.
  - Acordar a proposta de cese de quen dirixa científicamente o centro, cando concorran as circunstancias que así o determininen.

#### Artigo 9.- Comisión Asesora Externa

- A Comisión Asesora Externa será o órgano asesor e estará constituída, polo menos, por cinco investigadores/as externos/as á UDC de recoñecido prestixio internacional con ampla experiencia científica e na dirección de proxectos de investigación no ámbito das áreas de investigación do CICA.
- A Comisión Asesora Externa será designada polo/a reitor/a ou vicerreitor/a con competencias en investigación, por proposta do Consello Reitor, que establecerá o seu réxime de funcionamiento para un período de catro anos, que poderá ser renovable.
- A Comisión Asesora Externa do CICA escollerá de entre os seus membros aquelas persoas que exercerán os cargos de presidente/a e secretario/a. A duración destes será de catro anos e poderán ser renovables.
- Son funcións da Comisión Asesora Externa:
  - Asesorar á Dirección e ao Consello Reitor sobre a definición temática e a orientación da investigación que se desenvolve no centro, así como sobre calquera outro aspecto que se considere oportuno.
  - Asistir á Dirección e ao Consello Reitor sobre o seguimento da evolución da investigación e do centro e da transferencia dos resultados da investigación.

- c) Avaliar periodicamente a actividade científica dos investigadores/as vinculados/as ao centro, e emitir os correspondentes informes de valoración.
  - d) Informar sobre o interese da vinculación de novos/as investigadores/as titulares e/ou asociados/as ao centro.
  - e) Avaliar anualmente as memorias de actividades do centro.
  - f) Avaliar globalmente cada catro anos a actividade do centro.
  - g) Realizar catos informes e propostas xulgar oportunos no relativo á política científica do centro.
5. A Comisión Asesora Externa reunirse como mínimo nunha sesión ordinaria cada ano.

## TÍTULO III CONTROL E AVALIACIÓN

### **Artigo 10.- Seguimento**

1. O CICA elaborará anualmente unha memoria das actividades realizadas, así como cada catro anos unha proposta de obxectivos estratéxicos para o período seguinte que inclúa indicadores específicos que permitan avaliar a actividade desenvolvida.
2. A proposta cuadrienal de obxectivos estratéxicos deberá incluír a evaluación da actividade do centro no período de referencia, dirixida pola Comisión Asesora Externa de acordo co disposto no artigo 9.

### **Artigo 11.- Ética na investigación**

O CICA desenvolverá as súas actividades de conformidade cos estándares éticos, baixo a supervisión do Comité de Ética na Investigación e na Docencia da UDC, e de conformidade coa normativa vixente e as mellores prácticas en materia de experimentación animal.

### **Artigo 12.- Contratación de persoal**

Adoptaranse cantas medidas sexan precisas para asegurar que na contratación de persoal adscrito ao CICA e proxectos vinculados ao centro se cumpla a legislación e os convenios colectivos de aplicación, ben como criterios de selección compatibles cos selos de excelencia obtidos polo centro e pola UDC como, por exemplo, o HRS4R da Comisión Europea.

### **Artigo 13.- Igualdade de xénero**

O CICA aplicará con carácter transversal en todas as súas actividades políticas e medidas adecuadas para eliminar calquera desigualdade, directa ou indirecta, entre homes e mulleres, en coordinación coa Oficina para a Igualdade de Xénero da UDC. En particular, procurarase o equilibrio de xénero na composición dos órganos colexiados do CICA.

#### Artigo 14.- Normalización e promoción da lingua galega

De conformidade co Regulamento de usos da lingua galega da UDC, o CICA empregará o galego como lingua de uso normal no seu funcionamento e na súa proxección externa e promoverá de forma activa o uso da lingua galega nas actividades científicas que se desenvolvan no centro.

### TÍTULO IV BENS E INFRAESTRUTURAS

#### Artigo 15.- Instalacións

1. Os laboratorios que componen actualmente o CICA, e sen prexuízo de futuras ampliacións ou modificacións, son os que figuran na súa páxina web.
2. Os laboratorios poderán ser creados, modificados, suprimidos ou cedidos aos grupos ou investigadores/as polo/a director/a do CICA, logo do informe favorable da Comisión Interna do CICA e co visto e prace da persoa titular da vicerreitoría competente en materia de Investigación.
3. Mediante unha autorización ou concesión, segundo proceder, o CICA poderá ceder o uso de espazos nas súas instalacións a empresas cuxa actividade estea relacionada coas súas árees de investigación.

### TÍTULO V RÉXIME ECONÓMICO

#### Artigo 16.- Xestión económica

1. Os orzamentos da UDC conterán a dotación económica do CICA.
2. Os gastos do CICA serán autorizados pola dirección do centro.
3. A xestión económica dos proxectos do/as investigadores/as do CICA será realizada a través dos negociados de asuntos económicos que correspondan.
4. O Consello Reitor aprobará a proposta do orzamento de ingresos e gastos, así como a liquidación deste que, acompañada da memoria de actuación, remitirá anualmente ao Consello de Goberno da UDC.

### DISPOSICIÓN FINAL

Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da Sede electrónica da UDC.